

A OUTRA CARA DAS PELÍCULAS BÉLICAS

TEMPORALIZACIÓN: 4 SESIÓNS DE CLASE

ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE

1 Cultura da violencia: A outra cara das películas bélicas

Obxectivo: cuestionar os valores que transmiten as películas e os medios de comunicación, facer visibles outras realidades das guerras.

Descrición: a actividade comeza pedíndolles aos alumnos e alumnas que pensen en películas bélicas que teñan visto recentemente e que reflexionen sobre os valores que transmite. Para isto ábrese o debate coas preguntas seguintes: Que é o que eu considero un heroe ou unha heroína? Que é o que as películas consideran un heroe? Pensando nunha película bélica que teña visto recentemente, vese o punto de vista do inimigo do heroe? Que se sabe das persoas achegadas ao heroe que morren? Que se sabe das persoas que mata o heroe ou das persoas do seu bando? Fálase moito das vítimas da guerra? Ademais das persoas mortas e feridas, que outras consecuencias negativas implica a guerra? Que actitudes se ven entre os personaxes: cooperación/competición, individualismo/colectividade? Vense actitudes de rexeitamento á guerra? E actitudes de resistencia non violenta?

Despois desta reflexión propónselle ao alumnado que debuxe en grupos de cinco ou seis persoas un cartel dunha película que trate o tema da guerra desde un punto de vista que non venda a guerra como un valor positivo. Cando o teñan terminado, cada grupo explica o seu cartel e a idea que lle quixeron transmitir ao resto da clase.

Orientacións: esta actividade debe permitirlles aos grupos utilizar a súa creatividade tanto na realización do póster como nas ideas que se intenten transmitir: para facilitalo, pódese incidir especialmente no debate inicial, facilitando as reflexións, ou ben indicar que cada póster debe tratar un tema distinto ou que se valorará especialmente a orixinalidade do tema. É importante evitar que xurdan unicamente alusións ás vítimas, pois iso transmite unha idea de impotencia fronte ás guerras. Aínda que as vítimas son unha realidade que polo menos se esquece, tampouco hai que deixar de lado as posibilidades de opoñerse e de resistir ás guerras.

2 Imaxe do inimigo: Fondo Norte-Fondo Sur

Obxectivo: reflexionar sobre as dinámicas de diferenciación e de competición entre os grupos.

Descrición: divídese o alumnado en dous grupos: un representa o fondo norte e outro o fondo sur da afección a un campo de fútbol. Díselle aos grupos que deben ir saudando alternativamente ao outro: "Ola, fondo norte"- "Ola, fondo sur" de xeito que co seu ton de voz e coa súa entoación respondan ao ton de voz e á entoación do outro grupo, e que ao final do exercicio valorarase o "mellor" ton.

Orientacións: aínda que se corra o risco de caer na monotonía, o xogo debe durar como mínimo cinco minutos para permitir que se creen dinámicas de grupo. Se se prevé que o ruído pode molestar ás clases contiguas, a actividade pode realizarse no ximnasio da escola. Aínda así, a intención non é necesariamente que xurdan dinámicas de competición (aínda que é moi probable que xurdan, especialmente se se ambienta a actividade nun campo de fútbol), senón ver como repercutimos na actitude dos demais. É tan importante constatar que a competitividade xera agresividade como que con benevolencia recíbese suavidade. Pedirle ao alumnado que identifique que actitudes xurdiron de creación ou identificación co grupo pode permitir reflexionar sobre as dinámicas de grupo, de como a identificación co propio grupo fomenta a diferenciación mutua respecto ao outro grupo. O contexto da actividade -un campo de fútbol- pode servir de excusa para comentar entre todos a relación entre o deporte e a violencia e entre os xogos competitivos e os cooperativos. Por último, e para conectar coa realidade das armas en contextos urbanos, pódese explicar que estas dinámicas de diferenciación entre grupos reforzaron a problemática das maras M-18 e M-S n'Os Anxeles e, posteriormente, en todo Centroamérica. Para iso, propónse traballar o seguinte texto, así como contestar as preguntas:

M-18 e M-S. A partir dos anos 60 organízanse n'Os Ánxeles (EE.UU.) bandas urbanas armadas, as maras, formadas por mozos, a meirande parte inmigrantes centroamericanos -empurrados pola falta de posibilidades de traballo. A Mara 18 recibe o nome da rúa d'Os Ánxeles na que ten a súa base. Máis adiante fórmase a Mara Salvatrucha, que toma o alcume que reciben as persoas procedentes d'O Salvador. As maras dedícanse esencialmente ao tráfico de drogas e de coches roubados e aos atracos a comercios. Para loitar contra estas actividades, a partir dos anos 90 a policía d'Os Ánxeles adopta unha política de expulsións que contribúe a exportar esta problemática. Hoxe en día as maras M-18 e M-S pódense atopar en Estados Unidos, Canadá, México e toda Centroamérica.

Pertencer a unha mara ten todo un significado para os seus integrantes: A 18 é a miña familia. Esta tatuaxe lígame a ela de por vida", di Bad Boy, da M-18. Os integrantes das maras diferéncianse por símbolos que identifican ao seu grupo: os integrantes da M-S identifícanse co número 13, coa palabra sureño e a miúdo tatúan un "M", "M-S" ou "orgullo salvadoreño" mentres que os integrantes da M-18 tatúan os números "666" (que suman 18) ou "XVIII". Existe unha grande rivalidade entre elas: os integrantes da M-18 refírense aos da M-S como "as Merdas Secas" e, de 2000 homicidios anuais n'O Salvador, o 40% atribúense a enfrontamentos entre integrantes das maras. Aínda así, o seu antagonismo é como mínimo cuestionable: non só é difícil diferenciarlos en aparencia (a miúdo visten con texanos moi anchos e gorras de béisbol), senón que non hai unha causa real de enfrontamento máis alá da competición entre dúas bandas: segundo un sociólogo salvadoreño, "a violencia das maras está esencialmente orientada á destrución de quen consideran os seus inimigos: xente nova de condicións económicas e sociais moi similares que unicamente se diferencian pola pretenza ao grupo contrario".

Fonte: elaboración da *Escola de Cultura de Pau* a partir dun artigo de Le Monde Diplomatique, marzo 2004, pp 18-19.

En que se parecen os integrantes da M-18 e a M-S? Que signos de identificación utilizan para diferenciarse da outra mara? Como se refíren á outra banda?

3 Armas lixeiras: Unha mina contamina

Obxectivo: poñer cara e ollos ás vítimas das minas.

Descrición: esta actividade baséase no xogo "Fundir a flota" ou a guerra de barcos, pero xógase en equipos. Divídese a clase en dous equipos mixtos, os "Shiu ki" e as "Bibu". Cada grupo representa a poboación civil destas comunidades cuxos representantes están en guerra. Cada grupo ten unha persoa que fará o papel de xeneral e que plantará dez minas no plano do anaco de campo. Mentres tanto, os membros de cada comunidade deben trazar, cada un no seu plano, o camiño que seguirían para cruzar o campo. Unha vez feito isto, o xeneral Bibu lle as coordenadas dos emprazamentos das minas. Se o camiño debuxado polos membros da comunidade Shiu ki coincide con algunha destas coordenadas, quedan eliminados do xogo, así que deben desprazarse ata a tarima, ler unha das tarxetas da actividade e sinalar cun adhesivo o emprazamento do país nun mapa do mundo. Unha vez terminado o xogo, repítese invertindo os equipos. Ao final cóntase cantas baixas tivo cada equipo. **ATENCIÓN:** cómpre fotocopiar a folla de tarxetas.

Orientacións: hai que coidar a avaliación para evitar frivolar sobre un tema tan serio; é importante desenvolver a actividade en silencio e, para asegurarse de que os e as participantes non trivializan a actividade, explicar durante as instrucións da dinámica que se vai tratar un tema moi grave; tamén é importante reservar un certo tempo ao final da actividade para que os alumnos e as alumnas expliquen como se sentiron. Se as persoas que controlan os mapas queren expresar os seus sentimentos, este feito pode aproveitarse para explicar que algúns países teñen mapas dos emprazamentos onde se enterraron minas, pero que se negan a dar esta información "ao inimigo" (véxase ficha 8). Ao final do xogo, especialmente se os alumnos e alumnas mostran actitudes competitivas durante o desenvolvemento do xogo, pode remarcarse que ningún dos equipos gañou, xa que os dous tiveron perdas: na dinámica, como en todas as guerras, a grande perdedora é a poboación civil. Para concluír, é importante comentar o perigo específico que supoñen as minas: poden continuar soterradas no terreo durante décadas unha vez acabado o conflito. A miúdo a intención ao soterrar unha mina non é matar a xente, senón provocar mutilacións, porque á outra parte en conflito resúltalle máis custoso facerse cargo dunha persoa cunha diminución física.

4 Consecuencias do uso das armas: O prezo e o custo xustos?

Obxectivo: entender a grande capacidade destrutiva das armas lixeiras e comparala co seu baixo prezo no mercado.

Descrición: a actividade preséntase como un concurso no que cada grupo de persoas ten que adiviñar as resposta ás preguntas que a persoa que dinamice a actividade vai facendo. En cada pregunta os grupos teñen que levantar unha folla coa resposta, mentres que a dinamizadora apúntaa no taboleiro. Ao rematar as preguntas, daranse os resultados e marcaranse as respostas máis axustadas. Respostas ás preguntas: 1) A e C: o gasto mundial en armamento descendeu a partir dos anos 90, pero volveu medrar significativamente meses antes do 11/09 debido, esencialmente, á alza do gasto estadounidense. 2) C: nos países en vías de desenvolvemento o emprego reduciuse en 2001 nun 6 % mentres que na UE e nos EEUU houbo unha redución superior ao 3 %. 3) A; 4) A: estímase que estas armas son responsables de entre o 75% e o 90 % das mortes nos conflitos armados; 5) C: calcúlase que cada minuto morre unha persoa (3.600 mortes cada día, 500.000 mortes cada ano) a causa das armas lixeiras; 6) C: a facilidade cada vez maior para adquirir unha arma fixo que os prezos se reduzan considerablemente; 7) C: desactivar unha mina custa arredor de 720 €; 8) A; 9) C: no marco da ONU existen tratados sobre armas nucleares (1963, 1968), sobre armas químicas (1992), sobre armas biolóxicas (1972) e sobre minas antipersoa (1997), así como organismos de verificación (Axencia Internacional de Enerxía Atómica, Organización para a Prohibición de Armas Químicas) ou de promoción do desarmamento (Departamento de Asuntos de Desarmamento). Canto ás armas lixeiras, existe un Programa de Acción para os Estados (2001), pero non un tratado como tal; 10) C: é verdade que existen instrumentos de control, pero estes han de concretarse e dotarse de mecanismos de verificación para ser efectivos, así como ser de cumprimento obrigatorio para os Estados. **ATENCIÓN:** cómpre fotocopiar as preguntas do concurso.

Orientacións: a avaliación do xogo debe permitir diferenciar o concepto de prezo dunha arma (o que se paga por unha arma no mercado) do concepto de custo (as consecuencias que ten esa arma na sociedade, tanto en número de vítimas como polo custo do desarmamento). En contra do que se pensa comunmente, as chamadas armas de destrución masiva (armas químicas, biolóxicas e nucleares) non son, nin moito menos, as máis letais (o cualificativo "destrución masiva" non se refire a unha mortalidade elevada, senón a que este tipo de armas non vai dirixido a un obxectivo concreto senón que afecta a amplos sectores da poboación, a miúdo, civís). Pola contra, calcúlase que as armas lixeiras son responsables do 90% das mortes de civís (preguntas 4 e 5). Estes datos contrastan co feito de que as armas máis baratas e de máis fácil acceso para a poboación sexan as armas lixeiras (preguntas 3 e 5). Así, as armas máis baratas (as armas lixeiras) son, na práctica, as máis mortíferas (preguntas 3 e 4). Outros datos moi significativos son a comparación entre o prezo dunha mina e o custo da súa eliminación (preguntas 7 e 8). Pode que resulte máis fácil chegar a estas conclusións se se retoman estes datos e se comparan, para o cal será útil que todos os datos estean escritos no taboleiro.

5 Propostas de acción: Desarmemos o mundo, desarmemos as persoas

Obxectivo: coñecer experiencias e proxectar actividades de desarmamento (recollida de armas lixeiras e eliminación das minas) e de desmobilización (de bandas urbanas).

Descrición: divídese a clase en tres grupos. Cada un debe entrar nunha páxina de Internet para obter información sobre experiencias de desarmamento ou de desmobilización. A continuación, o grupo escolle a experiencia que lle pareza máis interesante e cubre a táboa. Para acabar, cada grupo fai unha breve explicación oral do proxecto escollido dirixida ao resto de grupos e xustifica por que lles pareceu un proxecto interesante.

Orientacións: pedir que se comparen as alternativas que se ofreceron a cambio das armas ou da desmobilización: cales vos parecen máis útiles? O obxectivo principal dos programas de desarmamento e de desmobilización é o de intercambiar as armas e os roles que se sustentan coas armas por recursos (formación ocupacional, instrumentos para o cultivo da terra, etc.) para poder desenvolver actividades produtivas civís. Un exercicio final podería ser comparar estas iniciativas cos obxectos da campaña "Armas baixo control": en que eixo da campaña se enmarcan as iniciativas de desarmamento e desmobilización? Que outros eixos promove a campaña? Por que credes que son importantes estes outros eixos?


Esta actividade debería permitir vencellar as actividades anteriores (militarismo, diferentes tipos de armas, minas).

Animámosvos a participar na proposta de comunicación interescolar por Internet de Intermón Oxfam. No enderezo web <http://www.intermonoxfam.org/conectandomundos> atoparás a proposta detallada de *conectando mundos* para o 1º ciclo de primaria.

Cada 30 de xaneiro, conmemorando o falecemento de Mahatma Gandhi, celébrase o DENIP, Día Escolar da Non-Violencia e a Paz. Propoñémosvos que vos unades, se é que non o fixestes xa, ás numerosas escolas que levan a cabo algunha actividade especial co gallo desta data.

3º ciclo de primaria

A OUTRA CARA DAS PELÍCULAS BÉLICAS



Autora: Cécile Barbeito

êcã escola de
cultura de pau



Intermón Oxfam

2

FONDO NORTE- FONDO SUR




Elixes dous colectivos enfrontados próximos á túa realidade (dous equipos deportivos, dous grupos de clase, dúas tribos urbanas, etc.) e cubre a táboa seguinte:

Nome dos grupos		
En que se parecen os integrantes de ambos os grupos?		
Que signos de indentificación utilizan para diferenciarse do outro?		
Como se refiren ao outro grupo?		

3

UNHA MINA CONTAMINADA

Debuxa sobre este plano o camiño que tomarías para cruzar este campo sabendo que está infestado de minas.



1. A Convención de Otava, asinada en 1997, prohíbe a produción e venda de minas e insta á súa eliminación. Aínda así, calcúlase que en todo o mundo aínda hoxe hai entre 200 e 215 millóns de minas soterradas.

2. Actualmente, en máis de 60 países morren entre 15.000 e 20.000 persoas ao ano a consecuencia de pisar unha mina antipersoa.

3. Os seguintes países seguen sendo produtores de minas antipersoa: India, Paquistán, Corea do Norte, China, Cuba, Irán, Rusia, Singapur e Vietnam.

4. Case 50 países almacenan minas, como por exemplo Estados Unidos, Grecia, Polonia e Serbia e Montenegro, que posúen máis de un millón.

5. Algúns países almacenan minas, como, por exemplo, Estados Unidos, Grecia, Polonia e Serbia e Montenegro, que posúen máis de un millón.

6. O comercio de minas é case inexistente, aínda que se sospeita que Irán segue exportándoas.

7. Wahida Abed perdeu as pernas en Afganistán aos 11 anos. Hoxe colabora coa asociación "Save The Children" nun proxecto en escolas para sensibilizar sobre o problema das minas. Actualmente Afganistán é un dos países máis danados polas minas.

8. Xustino Pérez pisou unha mina en Nicaragua e ningún acudiu na súa axuda por medo a que houbera máis minas soterradas no campo. Escapou de alí só, arrastrándose polo chan. Calcúlase que aínda hai máis de 45.000 minas soterradas en Nicaragua. Ningún dos bandos enfrontados durante a guerra civil axudou a sinalizar os campos minados.

9. En Camboxa, de camiño á escola, Sokheum Man recolleu unha mina para levala a un posto do exército. A mina caeulle, estourou e arrancoulle un pé. Hoxe segue axudando á súa familia no campo. Cinco millóns de camboxanos corren un alto risco de resultar feridos por unha mina.

10. En Angola unha mina matou ás dúas fillas de Joaquina Natchilombo e a ela amputoulle unha perna. Hoxe traballa nun centro de rehabilitación de mutilados para axudar a outras vítimas da guerra civil. En Angola segue habendo uns 2.300 campos minados.

11. Poucos meses despois de que se asinasen os acordos de paz do seu país, Adis Smajic descubriu unha mina nunhas ruínas en Saraxevo. Ao movela para que ninguén a pisase, explotou. Perdeu un ollo e unha man. En Bosnia segue habendo unhas 670.000 minas soterradas.

12. Manuel Orellana intentou manterse á marxe da guerra d'O Salvador. Un día, mentres traballaba nos campos de café, unha mina amputoulle as dúas pernas. Actualmente segue traballando no campo. Hoxe en día prodúcense moi poucas mortes n'O Salvador debido ás minas xa que tanto o exército como a guerrilla axudaron a localizar os campos de minas.

13. Sofía Alface perdeu a súa irmá e as dúas pernas nun accidente en Mozambique cando tiña 10 anos. Hoxe é modista, grazaas á axuda dunha ONG que lle regalou unha máquina de coser. O Goberno destruíu en febreiro de 2003 case 40.000 minas. Aínda así, máis dun millón de persoas corren o risco de resultar feridas por minas.

14. Chris Moon, un oficial de Reino Unido, perdeu un brazo e unha perna mentres traballaba na eliminación de minas en Mozambique. Actualmente corre maratóns para recadar cartos, que destina a axudar a outras persoas mutiladas. No transcurso de 2002, trinta e cinco países levaron a cabo proxectos de eliminación de minas.

15. Trinta e seis países cesaron a súa produción de minas antipersoa, entre os que se encontran Albania, Australia, Brasil, Bulgaria, Canadá, Colombia, Israel, Uganda e Cimbabue.

16. En Bosnia- Hercegovinia, Camboxa e Laos incluíronse programas de prevención de minas nas materias das escolas.

17. Máis de trinta países executan proxectos de eliminación de minas, entre os que se atopan Afganistán, Bosnia-Hercegovinia, Camboxa, Guatemala, Mozambique, Ruanda, Tailandia...

18. Os Ministerios de Saúde de Angola e Serbia e Montenegro implícanse en programas para fomentar a rehabilitación física das vítimas de minas.

19. Máis de 10.000 de persoas ao ano reciben atención psicolóxica despois dos accidentes. Durante o último ano creáronse dous centros de asistencia, un en Perú e outro en Rusia.

20. Na República Democrática do Congo, Sri Lanka e Vietnam estanse levando a cabo iniciativas para facilitar a reintegración das vítimas das minas no mundo laboral ou na sociedade.

Preguntas do concurso:

<p>1. O gasto mundial de armamento... A) redúcese a partir do final da guerra fría B) nunca deixou de aumentar C) medra desde pouco antes do 11 de setembro</p>	<p>6. Canto dirías que pode custar un fusil AK 47 (Kalashnikov) en Angola? A) O mesmo ca tres vacas B) O mesmo ca unha bicicleta C) O mesmo ca uns zapatos</p>
<p>2. O emprego que xera o mercado armamentístico... A) medra paralelamente ao aumento do gasto militar B) medra, pero menos ca o gasto militar C) decrece, aínda que o gasto militar aumente.</p>	<p>7. O custo medio de desactivación dunha mina é de: A) máis de 100 € B) máis de 500 € C) máis de 1000 €</p>
<p>3. Cales dirías que son as armas máis baratas no mercado? A) As armas lixeiras (pistolas, rifles, granadas, minas). B) O armamento convencional pesado (tanques, mísiles pesados, etc) C) As armas de destrución masiva (químicas, biolóxicas e nucleares).</p>	<p>8. O prezo medio dunha mina antipersoa é de: A) 2 € B) 25 € C) 100 €</p>
<p>4. Cales son as armas que provocan máis mortes? A) As armas lixeiras (pistolas, rifles, granadas, minas). B) O armamento convencional pesado (tanques, mísiles pesados, etc.) C) As armas de destrución masiva (químicas, biolóxicas e nucleares).</p>	<p>9. A maioría dos instrumentos para controlar o exceso de armas son: A) Non existen instrumentos de control para limitar o exceso de armas B) Existen instrumentos, sobre todo para limitar o número de armas lixeiras no mundo. C) Existen instrumentos, sobre todo para limitar o número de armas de destrución masiva.</p>
<p>5. Cantas mortes dirías que provocan as armas lixeiras no mundo? A) Máis de 100 mortes ao día B) Máis de 1000 mortes ao día C) Máis de 3000 mortes ao día</p>	<p>10. Controlar o comercio de armas e limitar os efectos negativos que teñen... A) é moi difícil e existen moi poucos instrumentos para conseguilo. B) é posible: xa existen instrumentos que conseguen controlar e limitar o peso das armas. C) será posible se se melloran os instrumentos de control. A sociedade civil pode ser un actor activo para forzar aos Estados a que tomen medidas neste sentido.</p>



Se acertaches...

• de 1 a 3 preguntas duere dicir que te informaches pouco sobre os problemas que provocan as armas no mundo. Aprobaste os exercicios de monodirixión para obter información.

• de 4 a 6 preguntas significativas que es unha persoa bastante informada e consciente dos problemas das armas. Se che interesan o tema, segue informándote e ve que podes facer ti.

• de 7 a 10 preguntas: moi ben! Demostras unha grande preocupación polos problemas globais e, en especial, polas particularidades das armas lixeiras respecto a outras armas. Agora só faltas dúe te boas accións! Informáste acerca de que fai Interim-O-Xistim na súa campaña "Armas dixitais control" e ve como podes colaborar.

S

DESARMEMOS O MUNDO, DESARMEMOS AS PERSOAS

Recolección de armas lixeiras

Un xeito de eliminar o exceso de armas lixeiras é intercambiar esas armas por algún ben e logo destruílas. Busca exemplos en:

www.desarme.org

(entra en: Sobre desarme; recolección y destrución de armas).

www.bicc.de/helpdesk

(entra en: Stories)

Eliminación de minas

Para acabar coas minas é importante prohibir a súa fabricación, exportación, uso e almacenamento, tal e como recolle o Tratado de Otava de 1997. Ademais disto, tamén é importante limpar os terreos de minas.

www.mag.org.uk

(entra en: Where MAG operates)

Desmobilización de bandas urbanas

Para limitar o número de soldados nun país (en particular despois dunha guerra) desenvólvense programas de DDR (desarmamento, desmobilización e reintegración). O mesmo modelo serve para facilitar que as persoas deixen as bandas urbanas. Atoparás exemplos en:

www.coav.org.br

(entra en: Soluciones locales)

Escollede un dos proxectos e preparaede unha ficha informativa

Localización do proxecto

Duración do proxecto

Obxectivos que persegue

Que resultados se obteñen?

Que destacarías do proxecto?

PARTICIPA!



conectando_mundos

DENIP

Día Escolar da Non-Violencia e a Paz